



CON LAS BECAS SANTANDER ERASMUS
CONVIERTE TU EXPERIENCIA EN UN
ERASMUS

XL

CTUE



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

CONVOCATORIA DE BOLSAS SANTANDER ERASMUS SANTANDER UNIVERSIDADES CURSO 2019-20

De conformidade co documento de adhesión asinado entre o Banco Santander e a Universidade da Coruña publícase a convocatoria de 54 bolsas para o curso 2019-20 no marco do programa BOLSAS SANTANDER ERASMUS. SANTANDER UNIVERSIDADES. As bolsas teñen por obxecto axudar os estudantes universitarios que obtiveron unha axuda Erasmus + de estudos ou prácticas para o curso académico 2019-20 e fomentar deste xeito a mobilidade e formación dos estudantes no ámbito da Unión Europea.

I. NÚMERO DE BOLSAS E OBXECTO DESTAS

1. Convócase un total de 54 bolsas por un importe total de 21 550 euros con cargo á partida orzamentaria 0800470121 422D 48000.
2. As bolsas ofertadas distribúense da seguinte forma:
 - 2 bolsas por importe de 3200 euros cada unha para estudos
 - 16 bolsas por importe de 500 euros cada unha para estudos
 - 5 bolsas por importe de 500 euros cada unha para prácticas
 - 23 bolsas por importe de 150 euros cada unha para estudos
 - 8 bolsas por importe de 150 euros cada unha para prácticas

A UDC repartirá as bolsas Santander Erasmus dispoñibles entre as persoas beneficiarias do Programa Erasmus de estudos e/ou de prácticas seguindo a distribución anterior. No caso de que non haxa solicitudes nalguna das categorías (estudos/prácticas) no prazo correspondente, poderanse adxudicar os fondos á outra categoría.

II. REQUISITOS

A) REQUISITOS XERAIS

Poderá ser beneficiario deste programa o estudantado que satisfaga os requisitos expostos a continuación e que, en todo caso, sexa beneficiario dunha axuda Erasmus + de estudos ou prácticas para o curso 2019-20 na UDC.

1. Estar matriculado en estudos oficiais na Universidade da Coruña tanto no curso 2018-19 como no curso 2019-20, momento de realizar a estancia no estranxeiro,
2. Ser seleccionado para unha mobilidade Erasmus de prácticas/estudos no marco das convocatorias de mobilidade internacional da UDC para o curso 2019-20.
3. Realizar a **inscrición previa en liña no programa de Bolsas do Banco de Santander** a través da ligazón na páxina web www.becas-santander.com. A inscrición do estudantado deberase realizar antes do 28 de febreiro de 2019.

B) REQUISITOS ESPECÍFICOS DAS BOLSAS POR IMPORTE DE 3200 EUROS

Estas bolsas serán destinadas aos 2 estudantes que sexan beneficiarios dunha axuda Erasmus estudos ou prácticas e que, ademais, cumpran cos seguintes requisitos:

1. (i) Dispor dos mellores expedientes académicos ponderados conforme ao disposto nas correspondentes bases da convocatoria de mobilidade internacional para o curso 2019-20 para estudantes da UDC ou da convocatoria de Erasmus + prácticas para o curso 2019-20.
2. (ii) Ser beneficiario dunha bolsa socioeconómica do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (MECD) o ano anterior, isto é, unha bolsa xeral do anteriormente denominado MECD ou (iii) presentar unha discapacidade igual ou superior ao 33 %, debidamente xustificada coa presentación do certificado oficial correspondente.

Destas 2 bolsas, unha irá destinada á persoa candidata que cumpra cos requisitos (i) e (ii), e outra irá destinada á persoa candidata que cumpra cos requisitos (i) e (iii).

No caso de que a UDC non identifique un candidato que cumpra cada unha destas combinacións de requisitos, poderalle asignar as dúas bolsas a estudantes que cumpran a mesma combinación.

No caso de que a UDC identifique un candidato que cumpra de forma simultánea os requisitos (i), (ii) e (iii), poderá ponderar tal circunstancia na medida en que estime oportuno para os efectos da asignación das dúas bolsas deste apartado.

No caso de que a UDC non identifique dous candidatos conforme ao disposto no parágrafo anterior, comunicarllo de forma inmediata ao Banco Santander para que este último poida asignar as dúas bolsas en idénticas condicións a outra universidade segundo os criterios establecidos.

C) REQUISITOS ESPECÍFICOS DAS BOLSAS POR IMPORTE DE 500 EUROS

Estas bolsas serán destinadas aos 21 estudantes que sexan beneficiarios dunha axuda Erasmus de estudos ou prácticas cos mellores expedientes académicos ponderados conforme ao que disón a convocatoria de mobilidade internacional para o curso 2019-20 para estudantes da UDC ou na convocatoria de Erasmus + prácticas para o curso 2019-20, e non sexan beneficiarios de bolsas do apartado B) ou D).

Non obstante o anterior, a UDC poderá priorizar, se o considera, a asignación das bolsas a estudantes que, ou ben foron beneficiarios dunha bolsa socioeconómica do MECD no ano anterior, isto é, unha bolsa xeral do mencionado Ministerio, ou teñan acreditada unha discapacidade igual ou superior ao 33 %.

D) REQUISITOS ESPECÍFICOS DAS BOLSAS POR IMPORTE DE 150 EUROS

Estas bolsas serán destinadas aos 31 estudantes que sexan beneficiarios dunha axuda Erasmus + de estudos ou prácticas cos 31 seguintes mellores expedientes académicos, ponderados conforme ao que dispón a convocatoria de mobilidade internacional para o curso 2019-20 para estudantes da UDC ou na convocatoria de Erasmus + prácticas para o curso 2019-20, e non sexan beneficiarios de bolsas do apartado B) ou C).

Non obstante o anterior, a UDC poderá priorizar, se o considera, a asignación das bolsas a estudantes que, ou ben foron beneficiarios dunha bolsa socioeconómica do MECD no ano anterior, isto é, unha bolsa xeral do mencionado ministerio, ou teñan acreditada unha discapacidade igual ou superior ao 33 %.

III. PASOS QUE HAI QUE SEGUIR PARA PRESENTAR UNHA SOLICITUDE

A) INSCRICIÓN EN LIÑA E FORMALIZACIÓN POR ESCRITO DAS SOLICITUDES:

1. O/a estudante que decida presentar unha solicitude **deberá formalizar obrigatoriamente a súa inscrición en liña** no Programa de bolsas do Banco Santander a través da ligazón da páxina web www.becas-santander.com antes do **28 de febreiro de 2019**.

2. A inscrición en liña no Programa de bolsas do Banco Santander por si soa non constitúe a presentación da solicitude. O estudantado que só realice esta inscrición en liña quedará excluído do proceso de selección.
3. Unha vez que realice a inscrición en liña, o estudantado **deberá presentar unha solicitude por escrito en papel segundo o modelo que se xunta (anexo I)** dirixido á directora de Relacións Internacionais. Só a presentación desta solicitude en papel, xunto coa inscrición en liña, lle dará dereito ao/á estudante a participar no proceso de selección.
4. Será necesario que **as persoas candidatas** que, ao seu entender, **cumpran co criterio de discapacidade do apartado II.B)2.iii)** lle remitan á **Universidade**, por correo electrónico a outgoing.rii@udc.es, antes do 28 de febreiro de 2019, o certificado da discapacidade así como, debidamente asinado, o anexo III titulado **Cláusula de Protección de Datos asociada ao Programa Bolsas Santander Erasmus**. Este apéndice será custodiado pola Universidade exclusivamente.

IV. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

A solicitude (anexo I) deberase presentar desde o día seguinte ao da publicación da presente convocatoria ata as 14:00 h do 28 de febreiro de 2019, preferentemente a través do rexistro electrónico da UDC (https://sede.udc.gal/services/telematic_register), ou no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (Maestranza, 9, 15001 A Coruña) ou nos rexistros auxiliares do campus de Elviña (trasladado temporalmente ao campus da Zapateira 15071, A Coruña) ou do campus de Ferrol (Edificio de Apoio ao Estudo, campus de Esteiro, 15403 Ferrol).

Así mesmo, poderase presentar por calquera dos procedementos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

V. RESOLUCIÓN

Para adxudicar as bolsas, a UDC utilizará a cualificación media do expediente académico do estudante no momento dos estudos ou prácticas de Erasmus + para o curso 2019-20, de acordo coas regulacións que rexen o cálculo das medias na UDC e ponderadas polo coeficiente corrección de 1.17 para titulacións técnicas.

As universidades xestionarán a resolución da asignación de bolsas a estudantes ata o 30 de maio de 2019, como data límite, sen posibilidade de prórroga en ningún caso. Publicarase unha listaxe de espera das persoas candidatas que cumpran as condicións e non foron adxudicatarias das axudas.

Contra esta resolución, a persoa interesada poderá interpor un recurso de reposición perante o reitor no prazo dun mes a partir do día seguinte á dita publicación.

A resolución comunicaráselle ao/á estudante, que disporá dun período de 10 días naturais para completar a súa aceptación desde o momento da notificación, a través do sitio web www.bolsas-santander.com. Calquera incumprimento do prazo de aceptación a unha das axudas suporá a anulación automática da adxudicación.

Unha vez que o período expirase, se houberse bolsas que non fosen asignadas pola UDC, esta notificarallo inmediatamente ao Banco Santander, que poderá distribuír as bolsas/subvencións, en condicións idénticas, a outra universidade de acordo cos criterios que considere convenientes.

Se se dese a situación en que a Universidade outorgase todas as bolsas e fose o/a estudante quen non a aceptase a través da web, a UDC terá un prazo de dous días hábiles para outorgar as bolsas a outros estudantes que cumpran cos requisitos necesarios para ser beneficiarios. Unha vez que as bolsas fosen repartidas a novos estudantes, estes terán un período dunha semana para completar a súa aceptación, todo a través da web www.bolsas-santander.com.

En calquera caso, a UDC aboará a cantidade correspondente á bolsa ou axuda para o estudo ou a práctica na conta aberta para ese propósito a nome do/a estudante beneficiario/a no Banco Santander S.A.

A aceptación da bolsa Santander Erasmus implica o consentimento das persoas participantes para a cesión dos seus datos persoais ao Banco Santander, S.A. coa finalidade de verificar a participación no Programa e o seu seguimento e a incorporación destes ao ficheiro de usuarios das páxinas web de Internet propiedade de Banco Santander, S.A., que constitúen o Portal de Bolseiros a que se accede actualmente desde Bolsas-Santander (www.becas-santander.com) para a finalidade da xestión e prestación dos servizos propios da bolsa. Neste sentido, o Santander e as universidades participantes, igualmente, comprométese, no necesario, a cumprir o que establece a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e demais lexislación concordante e aplicable nesta materia.

VI. OBRIGAS DAS PERSOAS BOLSEIRAS

Sen prexuízo das demais obrigas e dereitos establecidos na presente convocatoria e no programa de mobilidade Erasmus, a persoa adxudicataria dunha bolsa Santander Erasmus terá que cumprir coas seguintes obrigas:

1. A persoa beneficiaria da bolsa Santander Erasmus deberá inscribirse como tal obrigatoriamente na páxina: www.becas-santander.com antes do 28 de febreiro de 2019.
2. O/a estudante beneficiario/a deberá aceptar a bolsa correspondente a través da plataforma habilitada no portal de bolsas www.becas-santander.com antes do prazo indicado na resolución.
3. No mesmo prazo deberá entregar na Oficina de Relacións Internacionais o anexo II debidamente cuberto e selado pola oficina correspondente do Banco Santander.
4. O/a estudante beneficiario/a deberá cumprir coa estancia estipulada no seu contrato de estudo/prácticas Erasmus +. En caso de redución da estancia, esta non poderá ser nunca inferior a 90 días para estancias de estudos, nin a 60 días para estancias de prácticas. O incumprimento do período de estancia suporá a obriga de devolver a bolsa Santander Erasmus.

VII. PAGAMENTOS

1. O importe da bolsa aboaráo a UDC exclusivamente mediante unha transferencia bancaria a unha conta aberta a nome do/a bolseiro/a nunha oficina do Banco Santander en España.
2. A tramitación do pagamento iníciase despois de recibir na Oficina de Relacións Internacionais a copia escaneada do certificado de chegada á universidade ou empresa de destino debidamente cuberta, asinada e selada pola institución de destino.

VIII. INCUMPRIMENTO

A solicitude supón a aceptación da convocatoria e das súas bases. Calquera incumprimento da convocatoria ou das súas bases suporá a devolución da axuda recibida.

Ademais, no caso de que a persoa beneficiaria da bolsa finalmente non cumpra as condicións establecidas para a súa mobilidade Erasmus + terá que lle devolver o diñeiro do Programa Santander Erasmus á UDC, a través da conta do Banco Santander. A Universidade poderá outorgar a axuda á seguinte persoa beneficiaria da lista de espera, de acordo co expediente académico se estivese en prazo.

IX. TRATAMENTO DOS DATOS

A UDC será responsable de verificar o cumprimento dos requisitos expostos anteriormente sobre a base dos datos persoais da persoa solicitante da bolsa de valores que está dispoñible nas bases de datos da propia universidade. No caso de que a UDC teña que recompilar información persoal particularmente sensible das persoas candidatas, inclúa calquera certificado ou documentación que a Universidade considere necesaria, farao de acordo coas regulacións aplicables con respecto á

protección de datos persoais vixentes en calquera momento. Para iso, será necesario que as persoas candidatas que, na súa opinión, cumpran cos criterios de discapacidade requiridos, lle envíen á UDC, por correo electrónico a outgoing.rrii@udc.es, o certificado de discapacidade correspondente e o anexo III (Cláusula de protección de datos asociada ao Programa de bolsas Erasmus) debidamente cuberto e asinado. Estes documentos serán custodiados exclusivamente pola Universidade.

A UDC non lle proporcionará ningún dato persoal sensible das persoas candidatas ao Banco Santander SA nin a ningunha das súas subsidiarias.

En calquera caso, a UDC non proporcionará de ningunha maneira, ningún dato, indicio ou documento que lle poida permitir ao Banco Santander SA ou a calquera das súas subsidiarias a posibilidade de deducir/inferir ou identificar dalgunha maneira que requisito da sección B) anterior cumpre a persoa bolseira. Desta maneira, nin o Banco Santander SA nin ningunha das súas subsidiarias poderán saber que bolseiros teñen unha axuda para estudantes en contornas desfavorecidas e/ou presentan unha discapacidade.

Para máis información: Oficina de Relacións Internacionais

CAMPUS DA CORUÑA

Casa do Lagar

Campus de Elviña

Tel: 981 167 000 (ext. 1959/1960)

Correo electrónico: outgoing.rrii@udc.es

CAMPUS DE FERROL

Edificio de Apoio ao Estudo

Campus de Esteiro

Tel: 981 337 400 (ext. 3634)

Correo electrónico: riferrol@udc.es

O reitor

Julio Abalde Alonso



CON LAS BECAS SANTANDER ERASMUS
CONVIERTE TU EXPERIENCIA EN UN
ERASMUS

XL

crue

cooperación

española



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ANEXO I SOLICITUDE

BOLSAS SANTANDER ERASMUS CURSO 2019-20

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

APELIDOS _____ NOME _____

NIF _____

ENDEREZO _____ LOCALIDADE _____

PROVINCIA _____ CÓDIGO POSTAL _____

Tel. _____ CORREO ELECTRÓNICO _____@udc.es

TITULACIÓN NA UDC _____

CENTRO NA UDC _____

Declaro que:

- me inscribiré na páxina www.becas-santander.com antes do **28 de febreiro de 2019**.
- solicitei/solicitaré unha mobilidade Erasmus+ estudos ou prácticas para o curso 2019-20 no marco das convocatorias de mobilidade internacional para estudos ou prácticas da UDC.

Autorizo a que os meus datos persoais sexan cedidos ao Banco Santander para as seguintes finalidades:

(☐) para os incorporar ao ficheiro do actual Portal de Bolsas Santander www.becas-santander.com, ou ao que o substitúa para lle facilitar ao usuario a información que necesite para os seus estudos e servizos en que puiden estar interesados.

(☐) para fins estatísticos, así como para estudar a utilización dos servizos por parte dos usuarios, deseñar novos servizos e enviar información técnica e operativa acerca dos seus servizos para que a persoa usuaria se beneficie de todos eles.

(☐) para enviar información sobre produtos propios do Banco, así como información institucional deste.

Infórmase a persoa solicitante de que os datos persoais recibidos e cedidos serán utilizados única e exclusivamente para as finalidades que autorizou.

A Coruña, _____ de _____ de 2019

Sinatura da persoa solicitante _____

SRA. DIRECTORA DA OFICINA DE RELACIÓNS INTERNACIONAIS DA UDC

UNIVERSIDADE DA CORUÑA
CIF: Q6550005J
R/ Maestranza, 9
15001 A Coruña

**SOLICITUDE DE PAGAMENTO POR TRANSFERENCIA E MODIFICACIÓN DE DATOS
PERSOAS E/OU BANCARIOS⁽¹⁾**

I. DATOS DA PERSOA FÍSICA OU XURÍDICA ACREDORA		
NIF/NIE/CIF/PASAPORTE: ⁽²⁾		ALTA FISCAL PARA NOVOS RESIDENTES (NIE)
☐ Declaro estar dado de alta no modelo fiscal 030 (NIE) ⁽³⁾		
Nome e apelidos:		
Enderezo fiscal:		
Municipio:	Provincia:	Código postal:
Teléfono fixo:	Móbil:	Correo electrónico:

II. DATOS DO/A REPRESENTANTE	
NIF: ⁽²⁾	Nome e apelidos:

III. DECLARACIÓN DA ACTIVIDADE EMPRESARIAL
☐ Declaro que a miña actividade empresarial está incluída na listaxe do artigo 95.6 do Regulamento do IRPF (retención do 1 %) o cal se reflectirá na facturación que emita para a Universidade da Coruña.

IV. BAIXA DE DATOS BANCARIOS									
Código IBAN:	Código entidade:	Código sucursal:	D.C.:	Número da conta:					
E S									

V. ALTA DE DATOS BANCARIOS									
Código IBAN:	Código entidade:	Código sucursal:	D.C.:	Número da conta:					
E S									

CONSTANCIA DA ENTIDADE FINANCEIRA⁽⁴⁾	
Certifico a existencia da conta que se referencia en "V. Alta de datos bancarios" aberta a nome da persoa titular que se reflicte no apartado I. Datos da persoa física ou xurídica acreedora".	
O/a apoderado/a	
(SELO) (sinatura)	

Ferrol/A Coruña, de de.....
(sinatura)

- (1) Calquera modificación posterior destes datos deberase formalizar mediante un novo impreso.
 (2) Achéguese unha fotocopia do documento correspondente.
 (3) Achéguese, se proceder, unha fotocopia do modelo fiscal 030.
 (4) Esta constancia debe ser asinada pola entidade financeira, ou achegar unha certificación nun documento independente do propio banco ou caixa

SERVIZO DE XESTIÓN FINANCEIRA
SECCIÓN DE CONTABILIDADE



CON LAS BECAS SANTANDER ERASMUS
CONVIERTE TU EXPERIENCIA EN UN
ERASMUS

XL

CTUE



Santander



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ANEXO III



Cláusula de protección de datos asociada ao Programa de Bolsas Santander Erasmus

De conformidade co disposto no Regulamento xeral de protección de datos 679/2016, informámolo/a de que os seus datos persoais serán tratados pola Universidade da Coruña, con sede na Maestranza, 9, 15001 A Coruña, con CIF Q6550005J, e enderezo de contacto na Oficina de Relacións Internacionais, Casa do Lagar, campus de Elviña, 15071 A Coruña (DENOMINACIÓN SOCIAL, DOMICILIO, CIF E ENDEREZO DE CONTACTO DA UNIVERSIDADE) en calidade de responsable do tratamento coa finalidade de xestionar a súa candidatura ao Programa Bolsas Santander Erasmus (en diante o Programa) que se ofrece a candidatos cun certo grao de discapacidade para fomentar a mobilidade das persoas con discapacidade. É por tanto necesario que os candidatos a algunhas das bolsas do Programa acrediten legalmente a súa discapacidade, pola contra, non poderán ser beneficiarios destas. A base xurídica que habilita a Universidade para o tratamento deste tipo de datos de carácter sensible é o consentimento expreso da persoa candidata para o tratamento dos seus datos de saúde. Este consentimento é obrigatorio para poder ser candidato a determinadas bolsas do Programa. Os seus datos persoais de saúde non serán cedidos pola Universidade a terceiros salvo por obrigación legal.

Adicionalmente, indicámoslle que os seus datos persoais se conservarán unicamente ata que se xestionen as candidaturas ao Programa e que posteriormente se conservarán bloqueados durante os prazos establecidos legalmente para atender as posibles responsabilidades derivadas do seu tratamento.

Poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade dos datos e limitación ou oposición ao seu tratamento a través do enderezo electrónico: outgoing.rrii@udc.es (ENDEREZO DE CONTACTO DE DEREITOS E DPO DA UNIVERSIDADE).

En calquera caso, as persoas interesadas sempre poderán acudir ante a Axencia Española de Protección de Datos, autoridade de control en materia de protección de datos, <http://www.agpd.es>.

☐ Consinto que a miña Universidade trate os meus datos de discapacidade (considerados datos de saúde), coa finalidade de xestionar a convocatoria correspondente ao Programa de Bolsas Santander Erasmus.

A Coruña, de de 20.....

Nome e apelidos:

DNI:

Sinatura

.....